



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E MAIS A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG) PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETES EN LINGUA DE SIGNOS E GUÍAS-INTÉRPRETES PARA PERSOAS XORDOCEGAS NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA

Esta consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co disposto no Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións, sendo unha das súas liñas prioritarias o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a dotar de maior exemplaridade as accións da sociedade para que as persoas con discapacidade teñan acceso á Administración de xustiza en igualdade de condicións que o resto dos cidadáns.

Pola súa banda, A FAXPG ten como misión xerar as condicións que, tomando como base a identidade xorda e a súa diversidade, aseguren o desenvolvemento global das persoas xordas e xordocegas de Galicia en condicións de accesibilidade universal e igualdade de oportunidades. De forma específica, a FAXPG ten como un dos seus fins estatutarios fomentar a accesibilidade universal das persoas xordas e xordocegas en todos os contornos, públicos e privados, asegurando o pleno acceso á





información e á comunicación. Neste senso, fomenta a autonomía e a independencia das persoas xordas e xordo cegas a través de actuacións orientadas á eliminación das barreiras de comunicación en todos os ámbitos e, de forma específica, nos contornos públicos e institucionais, sendo o principal instrumento para a eliminación das barreiras de comunicación no ámbito das relacións institucionais e a participación nos contornos e actividades derivadas de estas o intérprete de lingua de signos e guía-intérprete de persoas xordocegas (ILSE-GI), profesional que interpreta e traduce a información da lingua de signos á lingua oral e viceversa co fin de asegurar a comunicación entre as persoas xordas e xordocegas, que sexan usuarios desta lingua, e o seu contorno social.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e mais a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) queren impulsar, a través deste convenio de colaboración, os xeitos que posibiliten o acceso á Xustiza en Galicia ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, para garantir o dereito de estas persoas a acceder á Administración de xustiza acompañadas dos profesionais da lingua de signos e dos medios de apoio á comunicación oral, cando a persoa con discapacidade auditiva ou xordocegueira así o requira.

Antecedentes: No ano 2004, a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local da Xunta de Galicia e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia asinaron un acordo marco de colaboración cuxa finalidade era a realización de actividades orientadas á mellora da accesibilidade das persoas con discapacidade auditiva nas súas relacións coa Administración de Xustiza en Galicia, garantindo a igualdade de oportunidades destas persoas; asumindo a Administración autonómica o custo da actuación dos intérpretes de lingua de signos ante os xulgados, tribunais, fiscalías, forensías e servizos da Xustiza en Galicia, cando unha persoa xorda tivese que prestar algún tipo de declaración, asistir como parte a unha vista, ou fora preciso darlle a coñecer persoalmente algunha resolución xudicial.

O convenio de colaboración que se tramita agora, pretende darlle continuidade a ese primeiro proxecto que se abordou en Galicia no ano 2004, por considerarse un instrumento eficaz na eliminación das barreiras de comunicación no ámbito das relacións institucionais e a participación





nos contornos e actividades derivadas de estas, estendendo a súa acción tamén ás persoas xordocegas

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) o convenio de colaboración referido cunha vixencia indefinida a partires da súa sinatura.

O convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e mais a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para o desenvolvemento dun proxecto de accesibilidade das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, de modo que se garanta o dereito de estas persoas a acceder á Administración de xustiza acompañadas dos profesionais da lingua de signos e dos medios de apoio á comunicación oral que precisen, no caso de que a persoa con discapacidade auditiva ou xordocegueira así o requira.

O convenio de colaboración que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- A FAXPG é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública por Orde do Ministerio del Interior INT/1624/2005, do 27 de abril, inscrita no Rexistro de Asociacións co número 107 e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número E-204, e ten como misión xerar as condicións que, tomando como base a identidade xorda e a súa diversidade, aseguren o desenvolvemento global das persoas xordas e xordocegas de Galicia en condicións de accesibilidade universal e igualdade de oportunidades. De forma específica, a FAXPG ten como un dos seus fins estatutarios fomentar a accesibilidade universal das persoas xordas e xordocegas en todos os contornos, públicos e privados, asegurando o pleno acceso á información e á comunicación.
- A FAXPG fomenta a autonomía e a independencia das persoas xordas e xordo cegas a través de actuacións orientadas á eliminación das barreiras de comunicación en todos os ámbitos e,





de forma específica, nos contornos públicos e institucionais, sendo o principal instrumento para a eliminación das barreiras de comunicación no ámbito das relacións institucionais e a participación nos contornos e actividades derivadas de estas o intérprete de lingua de signos e guía-intérprete de persoas xordocegas (ILSE-GI), profesional que interpreta e traduce a información da lingua de signos á lingua oral e viceversa co fin de asegurar a comunicación entre as persoas xordas e xordocegas, que sexan usuarios desta lingua, e o seu contorno social.

- O Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, establece, no seu artigo 22, que as persoas con discapacidade teñen dereito a vivir de forma independente e a participar plenamente en todos os aspectos da vida. Para iso, os poderes públicos adoptarán as medidas pertinentes para asegurar a accesibilidade universal, en igualdade de condicións coas demais persoas, nas contornas, procesos, bens, produtos e servizos, o transporte, a información e as comunicacións, incluídos os sistemas e as tecnoloxías da información e as comunicacións, así como os medios de comunicación social e noutros servizos e instalacións abertos ao público ou de uso público, tanto en zonas urbanas como rurais. Asemade, a Convención da ONU ratificada en Nova York o 13 de decembro de 2006, e aprobada por España o 23 de novembro de 2007, establece no seu artigo 21 que os Estados membros da Unión Europea deberán “aceptar e facilitar a utilización da lingua de signos, o Braille, os modos, medios, e formatos aumentativos e alternativos de comunicación e todos os demais modos, medios e formatos de comunicación accesibles que elixan as persoas con discapacidade nas súas relacións oficiais”. Así, A Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade inclúe o dereito de acceso á xustiza na seu artigo 13 e garante o acceso en igualdade de condicións.
- Á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co disposto no Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións, sendo unha das súas liñas prioritarias o impulso de xeitos de colaboración que posibiliten o acceso á Xustiza en Galicia ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e





xordocegas, para garantir o dereito de estas persoas a acceder á Administración de xustiza acompañadas dos profesionais da lingua de signos e dos medios de apoio á comunicación oral, cando a persoa con discapacidade auditiva ou xordocegueira así o requira.

Financiamento: A sinatura do convenio de colaboración non comporta ningún tipo de contraprestación económica entre as partes asinantes. Aos efectos de facer efectiva a vontade de colaboración recollida na súa cláusula primeira, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) establecerán a correspondente relación contractual para que a FAXPG organice a prestación do servizo.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio de colaboración para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 6 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela

O Director Xeral,

Juan José Martín Álvarez

